

A CIG NON ASINARÁ O CONVENIO DO METAL

O pasado venres 15 de setembro os sindicatos estatais UGT e CCOO asinaron un **preacordo** coa patronal do Metal para un novo convenio, **rachando coa plataforma sindical conxunta, e tamén coa dinámica de mobilizacións e folgas** que o sector emprendera por primeira vez despois de 25 anos.

Non era este un convenio como os anteriores. Os abusos da patronal nestes últimos anos, aproveitando as fragilidades que produce o desemprego, deron como resultado unha plataforma sindical decidida a utilizar a ferramenta do convenio para combater a precarización, con reivindicacións moi específicas, mais de moito calado: eliminación da cláusula que permite **ETT's** nas empresas durante “períodos punta”; complementos salariais para o **persoal desprazado**, e máis para o afectado a gardas e reténs; control das **Mutuas**; **subrogación** para as empresas de mantemento no sector enerxético, de telecomunicacións, e industrial; legalizar os acordos das **auxiliares de Navantia**; recuperar a revisión salarial, a consolidación do plus de xefe de equipo, e desconxelar o complemento persoal; rematar coa discriminación do persoal que traballa en **tendido de liñas**; Etc...

Despois de 2 anos e pico de bloqueo na negociación, comezan as mobilizacións con concentracións de delegados diante da sede da patronal na Coruña, e diante das empresas dos seus representantes. Despois unha grande manifestación na Coruña, e finalmente a convocatoria de folga. Todo convocado conxuntamente polos tres sindicatos, con unha táboa reivindicativa tamén conxunta.

O preacordo asinado o 15 está moi lonxe dos obxectivos que nos levaron á folga, e o xeito de se producir este preacordo, no medio dunha **pantomima**, con unha nova convocatoria de folga, esta vez indefinida e unilateral por parte dos sindicatos estatais, para dous días despois tirarse aos pés da patronal, sen tan sequera pensar na posibilidade real de facer efectiva a folga, nen aceptar a nosa proposta de recuperar a unidade de acción para tirar do convenio para diante, produce **vergoña allea**.

Este **preacordo** é presentado por **UGT** como unha garantía de estabilidade **até o ano 2020**, o que permitirá “continuar coa recuperación e o fortalecemento do sector”, palabras que recordan demasiado a campaña electoral do **PP** e a súa “**senda da recuperación**”, e que veñen a significar exactamente o mesmo: roubar aos traballadores e traballadoras a oportunidade de mellorar as súas condicións de traballo e de vida. E facelo deste xeito, pegando un **volantazo**, e freando en seco a dinámica reivindicativa que traía o sector resulta especialmente grave, e **deixa en evidencia a necesidade de afortalar unha nova maioría sindical ao servizo dos traballadores e traballadoras, afastada da influencia patronal**.

Un preacordo, polo tanto, que supón unha traizón a todo o sector do metal, dirixida pola UGT, e con unhas CCOO de orellas gachas coma ese can que é disciplinado polo seu dono despois de botar os dentes.

Evidentemente terán que defender o preacordo, e farano coa vehemencia coa que defenden os conversos a súa fe, mais nesta ocasión non poderán convencer a ninguén de que hai convenio ou suba salarial grazas a eles. **7 días de folga din que o sector é maduro, que sabe o que precisa, e que sabe que as melloras non as regala ninguén**, senón que son froito da determinación e da presión de todos e todas, así como do traballo de socialización das propostas, e de axitación que fixo fundamentalmente a CIG. **Amósanos cal debe ser o camiño a seguir, e certifica que a CIG é a única garantía** de que as cuestións esenciais estean nas mesas de negociación, e de que se defendan con decisión, honestidade, e lealdade até o final.



PLATAFORMA SINDICAL ₁	PREACORDO PATRONAL-UGT-CCOO
ETT'S- Eliminar os períodos punta	Nada
Subrogación empresas de mantemento nos sectores enerxético, de telecomunicacións e grandes instalacións industriais	Subrogación en empresas de mantemento que traballen para empresas públicas. Comisión para estudar a subrogación en outros sectores ₂
Complemento salarial para o persoal desprazado	Nada
Plus para o persoal que realiza gardas ou reténs-120€/semana	60€/semana
Poder de veto sobre as Mutuas para os representantes do persoal nas empresas	Análise anual do “nivel global de eficiencia do colectivo de Mutuas” pola comisión paritaria do convenio, que poderá recoller as queixas e trasladalas ás Mutuas ₂
Incorporar os acordos salariais da industria auxiliar de Navantia ao texto do convenio	Comisión para analizar os acordos acadados polas empresas auxiliares de Navantia ₂
Permiso por hospitalización e enfermidade de parentes: 3 días laborais a escolla do traballador durante o período que dure a hospitalización	Permiso por hospitalización e enfermidade <u>grave</u> de parentes: 3 días laborais a escolla do traballador durante o período que dure a hospitalización. (Para ter dereito aos 2 días a maiores por desprazamento este terá que ser fora da comunidade autónoma ₃)
24h/ano de permiso para asistir ao médico de cabeceira, e ampliar para acompañar a fillos en idade pediátrica ou maiores dependentes, e máis a pais discapacitados a cargo	22h/ano de permiso para asistir ao médico de cabeceira, e ampliar para acompañar a fillos en idade pediátrica ou maiores dependentes, e máis a pais discapacitados a cargo
1. Recuperación do sistema de revisión salarial do convenio 2010 ₅ 2. Desconxelación do complemento persoal ₅	1. Sistema de revisión diferente para cada ano da suba ₄ 2. Desconxelación do complemento persoal
Plus xefe de equipo: Recuperación da consolidación do plus de xefe equipo aos 12 meses continuados ou 24 alternos ₅	Consolidación aos 18 meses continuados ou aos 36 alternos para quen exerza funcións de mando sobre grupos de até 10 traballadores.
Eliminación do artigo 54, supostos nos que a empresa pode descontar o plus de asistencia	Mantense tal como estaba o artigo 54
Artigos 30 e 47. Eliminación das referencias aos traballadores de tendido de liñas, etc..	Mantéñense tal como estaban os artigos 30 e 47.
Vixencia 3 anos: 2015-2017	Vixencia 5 anos: 2015-2019 ₆

¹ Esta é a plataforma sindical que se presenta na mediación, xa con rebaixas respecto das primeiras que se levaron ao comezo da negociación.

² Á marxe de pequenos matices entre elas, estas comisións carecen de contido e valor real, están deseñadas para autoxustificación dos asinantes.

³ Non aparece recollido no texto do preacordo. A variación respecto do que hai é negativa.

⁴ Non vai haber atrasos dos anos 2015 e 2016 tal como houbo habitualmente. Substitúense por unha paga de “premio pola sinatura do convenio” que non está moi claro como se vai pagar e a quen, en todo caso haberá menos beneficiarios que co sistema de atrasos.

⁵ Nun primeiro momento non se recollían nas plataformas porque partiamos de que estes dereitos se recuperaban en automático ao remate da vixencia do convenio 2013-2014. Resultou que non.

⁶ Unha vixencia tan prolongada está pensada para enfriar o sector, e evitar que se manteñan as reivindicacións.